



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE MARZO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de marzo de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona Maria López Touza.- Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintenove de febreiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Nemesio Suarez Rodríguez**, con domicilio en Prado-Castrelo de Miño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmoible sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 2, baixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial (local comercial), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 02-03-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento os seguintes:



- Da Axencia Galega de Emerxencias, remitindo acordo de cesión de espaxedor de sal adaptado a remolques ou vehículos todoterreo para a prevención e atención as emerxencias, con cargo o programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 24-02-2016, relativo a adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra nº 77/POS/2016 denominada "Ponte Romano Francelos-Camiño de Prexigueiro".

- Do Colexio de enxeñeiros técnicos industriais de Ourense, comunicando Sentencia do Tribunal Constitucional de 02.11.2015, relativa a colexiación profesional.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios par organización de actividades físico-deportivas 2016, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 12 de febreiro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 39, de 18 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acolleuse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “Masterclass II Aerobithon e Multiactividade infantil”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE MANTEMENTO.-

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de servizo de prevención da lexionelose nas instalacións deportivas municipais, e comprobado que a empresa Insa S.L., xa ten presentado a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade así como os certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda estatal e autonómica, e comprobada a existencia de consignación presupuestaria mediante informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2016.

No expediente constan os seguinte elementos:

- 1.Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
- 2.Informe de Intervencion de data 10.01.2016.
- 3.Ofertas presentadas polas empresas Ourençal S.L., Nova Buxos S.L. e Insa S.L..
- 4.Informe do Director de Instalacións deportivas de data 25 de febreiro de 2016, rexistro de entrada de data 29.02.2016 sobre as ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe técnico obrante no expediente, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de servizo de prevención



da lexionelose nas instalacións deportivas municipais, por importe de 907,50 euros , IVE incluído, a empresa Insa S.L..

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.